



Teaching Guide

Teaching Guide				
Identifying Data				2023/24
Subject (*)	History of Education		Code	652G03011
Study programme	Grao en Educación Social			
Descriptors				
Cycle	Period	Year	Type	Credits
Graduate	1st four-month period	Second	Basic training	6
Language	Galician			
Teaching method	Face-to-face			
Prerequisites				
Department	Pedagogía e Didáctica			
Coordinador	Malheiro Gutiérrez, José Manuel	E-mail	jose.malheirog@udc.es	
Lecturers	Malheiro Gutiérrez, José Manuel	E-mail	jose.malheirog@udc.es	
	Suárez Canedo, Luís Román		luis.roman.suarez@udc.es	
Web				
General description	Historia da Educación é unha materia obrigatoria no segundo curso do Grao de Educación Social cun peso de seis créditos. O obxectivo central da asignatura consiste en comprender a natureza histórica dos feitos educativos, dentro e fóra da escola como institución; dos procesos de alfabetización e escolarización que se deron a partir do século XIX, cunha atención especial ao contexto galego e á incorporación paulatina da muller a eses procesos, así como dos factores que explican o seu desenvolvemento. Centra o seu interese na clarificación de conceptos, na contextualización histórica dos fenómenos estudados e na interrelación que se establece entre os modelos educativos e os sistemas políticos en cada época histórica co obxecto de que o alumnado sexa quen de situar axeitadamente o pasado nas súas coordenadas espaciais e temporais a fin de axudarlle a comprender o presente.			

Study programme competences / results

Code	Study programme competences / results
A1	Coñecer os campos da educación social e recoñecer novos ámbitos emerxentes.
A2	Comprender os supostos e fundamentos históricos, pedagóxicos, psicolóxicos e sociolóxicos da acción socioeducativa e os seus ámbitos de actuación, valorando as súas implicacións.
A3	Analizar as políticas de benestar social e a lexislación que sustentan os procesos de acción socioeducativa.
A5	Identificar e analizar os factores contextuais que afectan os procesos de intervención socioeducativa.
A6	Seleccionar diferentes métodos e técnicas para a planificación e avaliación de programas e servizos.
A8	Detectar factores de vulnerabilidade, de exclusión e de discriminación social que dificulten a inclusión social, escolar e laboral de persoas e colectivos.
A14	Identificar e emitir xuízos razoados sobre problemas socioeducativos para mellorar a práctica profesional.
A16	Comprender a traxectoria da Educación Social e a configuración do seu campo e identidade profesional.
A20	Desenvolver unha disposición favorable ao traballo en contornos multiculturais e plurilingüísticos.
B1	Elaborar, analizar, sintetizar, valorar e transmitir criticamente a información.
B2	Redactar e presentar informes técnicos, memorias, regulamentos ou calquera outro documento básico que contribúa a regular a acción socioeducativa.
B5	Capacidade de mostrar actitudes coherentes coas concepcións éticas e deontolóxicas propias da profesión.
B6	Adquirir e dominar habilidades comunicativas que permitan transmitir información, ideas e propostas a diversas audiencias.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.



Learning outcomes			
Learning outcomes	Study programme competences / results		
Coñecer a xénese, evolución histórica, estrutura e funcións dos sistemas educativos nacionais	A2 A3 A5 A14	B1 B2 B6	C7 C8
Comprender os trazos característicos do pensamento pedagóxico contemporáneo da man das principais teorías educativas, de forma que permita a reflexión crítica sobre a propia práctica desde diferentes perspectivas	A2 A5 A14	B1 B6	C4 C7 C8
Coñecer as diferentes dimensións da cultura escolar e a súa identificación nos sucesivos espazos e tempos na historia	A2 A5 A8 A14	B1 B2 B6	C4 C7 C8
Coñecer a evolución histórica da formación docente, a súa diversificación ao longo da historia e a incorporación de novas figuras profesionais relacionadas coa Educación social	A1 A5 A14 A16	B5	
Saber promover a adquisición de hábitos en torno á autonomía, a liberdade, a curiosidade, a observación, a experimentación, a imitación, a aceptación de normas e de límites, o xogo simbólico e heurístico.	A6		
Promover e colaborar en accións dentro e fóra da escola, organizadas por familias, concellos e outras institucións con incidencia na formación cidadá.	A14 A16	B5	C1 C4 C7
Coñecer a dimensión pedagóxica da interacción cos iguais e os adultos e saber promover a participación en actividades colectivas, o traballo cooperativo e o esforzo individual.	A1 A2 A5		
Valorar criticamente a importancia sobre o coñecemento da lingua galega, a súa presenza histórica no sistema educativo e a súa función como instrumento de comunicación na intervención social.	A20		C1 C3
Capacidade para asumir a necesidade dun desenvolvemento profesional continuo, a través da reflexión sobre a propia práctica.	A20	B6	C3
Comunicarse de maneira efectiva nun contorno de traballo. Capacidade de análise e síntese. Capacidade de organización e planificación. Capacidade para integrarse e comunicarse con expertos noutras áreas e en contextos diferentes.	A20	B2 B7 B10 B12 B16	C7
Aprender a aprender. Autonomía na aprendizaxe. Aplicar un pensamento crítico, autocrítico, lóxico e creativo. Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.		B5	C3 C4 C7

Contents	
Topic	Sub-topic
1. Formación dos sistemas educativos nacionais.	Xénese, estrutura e funcións.
2. O sistema educativo en España e en Galicia. Os modelos oficiais e outras formas populares alternativas de alfabetización e de escolarización.	Xénese, evolución histórica e lexislación educativa. As clases populares e outros modelos de escola. A paulatina incorporación da muller aos procesos de alfabetización e de escolarización en España e en Galicia.



3. O pensamento pedagóxico contemporáneo.	Os pioneiros da escola contemporánea. A Escola Nova. Teorías educativas socialistas, marxistas, anarquistas e libertarias. As pedagogías críticas. Planteamentos pedagóxicos antiautoritarios. As correntes críticas á institución escolar.
4. A cultura escolar.	Dimensión científica, política e empírica e a súa evolución histórica.
5. Xenealoxía da profesión docente.	Evolución histórica da formación do profesorado. Incorporación de novas figuras profesionais relacionadas coa E. Social.

Planning				
Methodologies / tests	Competencies / Results	Teaching hours (in-person & virtual)	Student's personal work hours	Total hours
Collaborative learning	A20 A8 A20 B16 B6 C3	10	20	30
Critical bibliographical	B10 B12 B1 B2	5	10	15
Guest lecture / keynote speech	A1 B7 C7	15	10	25
Long answer / essay questions	B7 B10 B12	2	15	17
Supervised projects	A20 A2 A3 A5 A6 A14 A16 B2 B10 B12 B5 C7 C1 C4 C7 C8	10	33	43
Personalized attention		20	0	20
(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.				

Methodologies	
Methodologies	Description
Collaborative learning	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo. No caso da materia de Historia da Educación lévese a cabo a través do encargo de traballos colaborativos que se realizan en pequeno grupo, utilizando algunhas das sesións interactivas, ademais do que cada grupo precise fóra das horas lectivas. Os grupos están compostos, preferiblemente por 3-4 persoas. A experiencia nos indica que un número maior dispersa a responsabilidade e dificulta a conexión entre os compoñentes para unha correcta realización da tarefa encomendada. Para a realización do traballo, facilítaselle ao alumnado unha relación de referencias bibliográficas de lectura e de consulta; así como un guion/estrutura do traballo a desenvolver, incidindo nos puntos de interese fundamentais. Os traballos realizados son revisados polo profesor, en presenza do alumnado, indicando as eivas e establecendo propostas de mellora.
Critical bibliographical	A recensión bibliográfica supón un proceso de lectura crítica dun libro, dun artigo, dunha tese ou dunha comunicación a un congreso. Como tal proceso comprende a lectura da obra, a análise do seu contido e unha crítica e valoración da mesma en relación á literatura existente sobre o tema. Unha recensión non supón un resumo da obra, nin unha mera análise do contido, pois o que lle outorga sentido e dimensión académica científica é a crítica que merece a xuízo do autor da recensión, en relación a outras obras coñecidas do mesmo ámbito ou en relación a súa propia experiencia. No caso da materia de Historia da Educación, encárgase a lectura, para recensión bibliográfica, dunha obra sobre historia da educación en Galicia, entre varios a elixir, cuxa proposta varía cada ano.



Guest lecture / keynote speech	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia. No caso da materia de Historia da Educación, empréganse as clases expositivas para desenvolver sesións maxistrais apoiadas con presentacións de power point e fragmentos de documentais. As sesións maxistrais non son unidireccionais, senón que se trata de que o alumnado participe mediante a formulación/resposta de preguntas, e o establecemento de espazos de tempo para o debate sobre aspectos que suscite o tema abordado.
Long answer / essay questions	Proba na que se busca responder por escrito a preguntas de certa amplitude valorando que se proporcione a resposta esperada, combinada coa capacidade de razoamento (argumentar, relacionar, etc.), creatividade e espírito crítico. Utilízase para a avaliación diagnóstica, formativa e sumativa. Permite medir as habilidades que non poden avaliarse con probas obxectivas como a capacidade de crítica, de síntese, de comparación, de redacción e de orixinalidade do estudante; polo que implica un estudo amplo e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións. No caso da materia de Historia da Educación, a proba de ensaio consiste nun exercicio individual sobre 5 cuestións que foron previamente preparadas polo alumnado, a partir dos documentos resultantes dos traballos parciais elaborados en pequeno grupo.
Supervised projects	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-tutor. No caso da materia de Historia da Educación, cada alumno debe realizar, de xeito individual, un traballo de iniciación á investigación histórico-educativa, cuxa proposta se explica na primeira sesión de clase e se establece o calendario de elaboración e entrega. O traballo require unha tutela sistemática por parte do profesor ata a súa entrega. A revisión periódica do proceso asegura unha elaboración correcta, facilita a resolución axeitada das dificultades que suscite o traballo de campo e garante a adecuada aprendizaxe dos contidos que se abordan, de xeito gradual e significativo. Esta metodoloxía incrementa considerablemente a carga de traballo do profesor na revisión contínua do proceso de aprendizaxe de xeito individualizado. Ao ser un traballo que require a tutela continua, o profesor non corrixe nin avalía aqueles traballos que non foron previamente tutorizados e revisados.

Personalized attention

Methodologies	Description
Collaborative learning Guest lecture / keynote speech Supervised projects	Os diferentes traballos colaborativos en pequeno grupo terán unha atención permanente e no seu caso personalizada mediante as canles indicadas, coa finalidade de manter o apoio e o seguimento regular e individualizado necesarios nas diferentes propostas de aprendizaxe. Aínda que non é obrigatoria a asistencia ás tutorías, o profesor estará dispoñible o seu horario de atención ao alumnado de xeito regular, semanalmente, para resolver as dificultades que o seu traballo suscite. É preferible solicitar previamente a tutoría. Nota importante: o profesor non avaliará aqueles traballos que non foran previamente tutelados e dos que non se teña constancia, para o cal, darase oportuna información no seu momento. As tutorías individuais poderán ser tanto virtuais como presenciais. As tutorías grupais serán virtuais a través de TEAMS. Por razóns de hixiene, limpeza e desinfección do centro, estará prohibido o consumo de alimentos nas aulas.

Assessment



Methodologies	Competencies / Results	Description	Qualification
Collaborative learning	A20 A8 A20 B16 B6 C3	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo. No caso da materia de Historia da Educación, os traballos en pequeno grupo, ou de aprendizaxe colaborativa, son avaliados cunha carga do 20% sobre o total da avaliación da materia.	20
Long answer / essay questions	B7 B10 B12	Proba na que se busca responder por escrito a preguntas de certa amplitude valorando que se proporcione a resposta esperada, combinada coa capacidade de razoamento (argumentar, relacionar, etc.), creatividade e espírito crítico. Utilízase para a avaliación diagnóstica, formativa e sumativa. Permite medir as habilidades que non poden avaliarse con probas obxectivas como a capacidade de crítica, de síntese, de comparación, de redacción e de orixinalidade do estudante; polo que implica un estudo amplo e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións. No caso da materia de Historia da Educación, a proba de ensaio, baseada nos contidos básicos da materia, prepárase a partir dos traballos realizados en pequeno grupo (traballo colaborativo); dos apuntamentos tomados durante as sesións expositivas de xeito individual; tratando de integrar lecturas, debates, reflexións e documentos traballados durante as diferentes sesións de clase. A oroba de ensaio ten unha carga do 20% sobre o total da avaliación da materia.	50
Critical bibliographical	B10 B12 B1 B2	A recensión bibliográfica supón un proceso de lectura crítica dun libro, dun artigo, dunha tese ou dunha comunicación a un congreso. Como tal proceso comprende a lectura da obra, a análise do seu contido e unha crítica e valoración da mesma en relación á literatura existente sobre o tema. Unha recensión non supón un resumo da obra, nin unha mera análise do contido, pois o que lle outorga sentido e dimensión académica científica é a crítica que merece a xuízo do autor da recensión, en relación a outras obras coñecidas do mesmo ámbito ou en relación a súa propia experiencia. No caso da materia de Historia da Educación tense en conta o grao de elaboración, os aspectos que se abordan especialmente no apartado crítico (comentario crítico e conclusións) así como a capacidade para relacionar con aspectos dos contidos da materia e a súa experiencia persoal. Cmo traballo de elaboración individual, ten unha carga de 10% sobre o total de avaliación da materia.	10



Supervised projects	A20 A2 A3 A5 A6 A14 A16 B2 B10 B12 B5 C7 C1 C4 C7 C8	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do "cómo facer as cousas". Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-tutor. O traballo de iniciación á investigación histórico-educativa ten un recorrido de elaboración que abrangue todo o cuatrimestre e engloba diferentes accións: lectura, revisión e consulta bibliográfica; traballo de campo; elaboración de cuestionarios; realización de entrevistas; selección de información a partir de gravacións de audio; selección de información sobre arqueoloxía escolar, fotografía familiar ou memoria histórica segundo o caso... e elaboración dun documento final que recolle o correspondente informe de investigación, é un proceso de elaboración complexo e laborioso, pero tamén estimulante e enriquecedor. E precisa de atención continuada durante todo o proceso. De aí a necesidade dunha tutela sistemática e continua. A súa carga é do 50% sobre o total da avaliación da materia. É imprescindible superar este traballo para poder aprobar a materia.	20
---------------------	--	--	----

Assessment comments



Os contidos e todas as actividades a desenvolver no marco do programa da materia realizaranse, por parte do profesor, en lingua galega; e tratándose dun contexto de aprendizaxe como é o da Historia da educación, terase en conta a boa disposición do alumnado á hora de empregar este idioma, co debido respecto e atención, no desenvolvemento das diferentes actividades de clase, ben sexa de xeito oral ou escrito. A puntualidade, a regularidade da asistencia ás

sesións de clase así como o interese amosado, a actitude diante da materia e das actividades, e a participación e colaboración serán aspectos positivos á hora da avaliación. Sendo así, o alumno ou alumna que acumule máis de tres faltas de asistencia non xustificadas deixa de considerarse asistente pasando a ser avaliado seguindo os criterios do alumnado non asistente. Aqueles alumnos ou alumnas que

por causas excepcionais non poden asistir regularmente ás clases

presenciais interactivas ou ás non presenciais, é necesario que o xustifiquen

debidamente para poder ter dereito a unha avaliación axustada ás súas

necesidades, evitando agravios co resto do alumnado. Estas

circunstancias deben ser expostas convenientemente ao profesor ao inicio das clases, ou no momento en que se produzan, para

poder estudar a mellor opción en cada caso, en beneficio do alumno ou

alumna e o seu dereito á aprendizaxe en igualdade e equidade.

Por outro lado, a evidencia de plaxio neste ou noutros traballos presentados será obxecto de sanción, acarreado directamente o suspenso da

materia, axustándose a cualificación ao establecido no artigo 14. 4. Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de

Grao e Mestrado universitario: "Na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da Rede, sen

indicación expresa da súa procedencia e, se é ou caso, ou permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na

actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento".

-Para poder ser avaliado, cada alumno ou alumna debe ter entregado a totalidade dos

traballos (individuais ou colectivos) encomendados, en tempo e forma. En

caso contrario, considérase NON PRESENTADO. Do mesmo xeito, recoméndase utilizar as horas de atención ao alumnado para

solventar dificultades relacionadas co desenvolvemento dos traballos

individuais ou colectivos, coa marcha da materia, aclarar dúbidas, etc.

-Enténdese que o alumnado universitario ten asumidas as competencias lingüísticas en relación á expresión oral e escrita. Por tanto, é primordial e obrigatorio a observación da normativa ortográfica (ortografía, acentuación e puntuación), gramatical e léxica nos traballos e exames realizados como condición imprescindible para superar a materia. No caso da lingua galega, pode solicitarse asesoramento no Servizo de Normalización Lingüística da UDC.

-Sobre a entrega dos traballos, recoméndase non imprimir borradores, o uso de medios telemáticos e, de non ser posible, as impresións a dobre cara en papel reciclado. Sobre este aspecto, o profesor dará oportunas indicacións se é do caso.

-O alumnado de modalidades

específicas de aprendizaxe e apoio á diversidade, ou que teña recoñecida dedicación ao estudo a tempo parcial ou calquera outra situación

excepcional, deberá informar debidamente da súa casuística ao profesor, e coa debida acreditación. Debe facerse NO INICIO DO CURSO, a efectos

de poder adaptar a súa situación individual ás esixencias curriculares da materia, poder cumprir os criterios de avaliación aos que se someta o resto

do alumnado e garantir a necesaria igualdade de condicións no proceso de aprendizaxe e de oportunidades na avaliación da materia.

Excepcionalmente, no caso de que o /a

estudante, por razóns debidamente xustificadas, non puidera realizar

todas as probas de avaliación continua, o profesor adoptará as medidas

que considere oportunas para non prexudicar a súa cualificación.

-

No caso de estudantes con necesidade de atención especial, e dependendo da mesma,

o profesor arbitrará as probas oportunas contando co asesoramento da Unidade

Universitaria de Atención á Diversidade (ADI). - O alumnado de segunda oportunidade deberá realizar unha proba obxectiva que contará o 100% da

cualificación, baseada nos contidos da materia.



Basic	- Apple, M. W. (1996). Política cultural y educación. Madrid, Dykinson - Barreiro, H.; Terrón, A. (2005). La institución escolar. Una creación del estado moderno. Barcelona, Octaedro - Beltrán, F. (1991). Política y reformas curriculares. Valencia, Universitat de Valencia - Carbonell, J. (1996). La escuela entre la utopía y la realidad. Barcelona, Octaedro - Carreño, M., Colmenar, C., Egido, I., Sanz, F. (2000). Teorías e institucións contemporáneas da educación. Madrid, Síntesis - Centro de investigación, documentación y evaluación (1992). El sistema educativo español. Madrid, centro de publicaciones del MEC-CIDE - Colom, A. J. (Coord.) (1997). Teorías e institucións contemporáneas da educación . Madrid, Ariel - Costa, A. (2004). Historia da educación e da cultura en Galicia. Vigo, xerais - Dávila Balsera, P., Naya Garmendia, L. M. (2005). ¿Los derechos de los niños y las niñas en los tratados internacionales. Tres momentos históricos?, en DÁVILA, P., NAYA, L. M. (Coords.): La infancia en la Historia: espacio y representaciones.. Donosti, Espacio Universitario /EREIN - Delors, J. (Dir.) (1996). La educación encierra un tesoro. Madrid, Santillana - Dewey, J. (1995). Democracia y educación. Madrid, Morata - Escolano Benito, A. (2002). La educación en la España contemporánea. Madrid, Biblioteca Nueva - Escolano Benito, A. (2002). ¿La educación en la España de la Restauración y la Segunda República?, en . Madrid, UNED - Espigado Tocino, G., Gómez Fernández, J., Pascua Sánchez, Mª J., Sánchez Villanueva, J. L., Vázquez (2013). La Constitución de Cádiz. Genealogía y Desarrollo del sistema educativo liberal. (Actas). Cadiz, Universidad de Cádiz - Esteve, J. M. (1994). El malestar docente. Barcelona, Paidós - Etxeberría, F. (2000). Políticas educativas de la Unión Europea. Madrid, Ariel - Fernández Enguita, M. (1996). La escuela a examen. Madrid, Pirámide - Fernández Enguita, M. (2001). Educar en tiempos inciertos. Madrid, Morata - Fernández Soria, J. M. (2002). Educación y Estado en la España contemporánea. madrid, Síntesis - Filho, L. (1964). Introducción al estudio de la Escuela Nueva. Buenos Aires, Kapelusz - Freinet, C. (1992). Técnicas Freinet de la Escuela Moderna. Madrid, Siglo XXI - De Gabriel, N. (2001). "El republicanismo coruñés en la historia"; Republicanismo e educación, A Coruña, Concello da Coruña, . 257-266 - De Gabriel, N. (2001). ¿La Revolución Francesa, Condorcet y la educación española?, en Condorcet, Cinco memorias sobre la instrucción pública y otros escritos. pp. 11-46.. Madrid, Morata - De Gabriel (2005). "A Historia da educación en tempos postmodernos"; Sarmiento, N. 9, p. 105-130 - De Gabriel, N. (2006). "Formas de enseñar y modos de aprender en la escuela tradicional"; en Escolano Benito, A: Historia ilustrada de la escuela en España : dos siglos de perspectiva histórica, p. 171-195 . Madrid, Fundación Germán Sánchez - De Gabriel, N. (2006). Ler e escribir en Galicia : a alfabetización dos galegos e das galegas nos séculos XIX e XX.. A Coruña : Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña - De Gabriel, N. (2008). Elisa e Marcela : alén dos homes . Vigo, Nigratrea - Gabriel, Narciso de (2014). As escolas, a escolarización e a alfabetización. Murguía. Revista Galega de Historia. Historia da educación na Galiza (Monográfico) - Gabriel, P., Pomés, J., Fernández Gómez, F. (Eds.) (2013). España Res publica. Nacionalización española e identidades en conflicto (siglos XIX y XX). Granada, Comares - Gallego, Ferrán (2014). El evangelio fascista. La formación de la cultura política del franquismo (1930-1950). Barcelona, Crítica - González Fernández, A. (2005). ¿El Protectorado del niño delincuente, en DÁVILA, P., NAYA, L. M. (Coords.): La infancia en la Historia: espacio y representaciones. Donosti, Espacio Universitario /EREIN - Iglesias Galdo, A., Rivas Barrós, S. (2005). ¿Minoría de edad y responsabilidad penal en el Siglo XIX?, en DÁVILA, P., NAYA, L. M. (Coords.) : La infancia en la Historia: espacio y representaciones. . Donosti, Espacio Universitario /EREIN, - Llopis, R. (2005). La revolución de la escuela. Dos años en la Dirección General de Primera Enseñanza. Madrid,
-------	--



Biblioteca Nueva

- López Cobo, A (2007). ¿Por caminos de piedra, charcos y olvido. Repertorios de la cultura universal: las Misiones Pedagógicas de la II República española?. Pandora, Revue d'Études hispaniques et Hispano-Américaines nº 7
- Malheiro Gutiérrez, Xosé Manuel (2014). A resposta das clases populares ás eivas educativas na galiza de entreséculos. Murguía. Revista Galega de Historia. Historia da educación na Galiza (Monográfico)
- Marco, Aurora (2014). Mulleres e educación na Galiza. Murguía. Revista Galega de Historia. Historia da educación na Galiza (Monográfico)
- Pereira, D. (1998). ¿A proposta cultural dos anarquistas coruñeses (1890-1936): do ¿Centro de Estudios Germinal? aos Ateneos libertarios?, en Sindicalistas e rebeldes. Vigo, A Nosa Terra
- Puelles Benítez, M. de (1980/1991). Educación e Ideología en la España Contemporánea. Barcelona, Labor
- Puelles Benítez, M. (2002). ¿Estado y educación: una relación histórica?, en Aurora Ruiz (Coord.) La escuela pública. El papel del Estado en la educación. pp. 17-48.. Madrid, Biblioteca Nueva-Escuela Julián Besteiro
- Puelles Benítez, M. (2002). ¿Evolución de la educación en España durante el Franquismo?. Madrid, UNED
- Puelles Benítez, M. de (2006). Problemas actuales de política educativa. Madrid, Morata
- Redondo, E. e outros (2001). Introducción a la Historia de la Educación. Barcelona, Ariel
- Ruiz Berrio, J. (Dir.) (1997). La educación en tiempos modernos. textos y documentos. Madrid, ACTAS
- Ruiz Berrio, J. (Ed.) (2000). La cultura escolar en Europa, tendencias históricas emergentes. Madrid, Biblioteca Nueva
- Sánchez Arbós, M. (2007). Una escuela soñada. textos. Madrid, Biblioteca Nueva
- Savater, F. (1997). El valor de educar. Barcelona, Ariel
- Tiana Ferrer, A.; Ossensbach Sauter. G.; Sanz Fernández, F. (2002). Historia de la Educación (Edad Contemporánea). Madrid, UNED
- Swaan, A. de (1992). A Cargo del estado. Barcelona, Pomares-Corredor
- Tiana Ferrer, A. (2009). Por qué hicimos la Ley Orgánica de Educación. Madrid, Wolters Kluwer
- Torres Santomé, J. (2006). La desmotivación del profesorado. Madrid, Morata
- Trilla, J. (coord.) (2001). El legado pedagógico del siglo XX para la escuela del siglo XXI. Barcelona, Graó
- Varela, J. (1991). Arqueología de la escuela. Madrid, La Piqueta
- Varela, J. (2007). Las reformas educativas a debate. Madrid, Morata
- Viñao Frago, A. (2004). Escuela para todos. Educación y modernidad en la España del siglo XX. Madrid, Marcial Pons
- Luis M. Calvo Salgado, Itziar López Guil, Vera Ziswiler, Cristina Albizu Yeregui (2009). Migración y exilio españoles en el siglo XX. Iberoamericana
- Sánchez Blanco, L. (2008). ¿Auxilio social y la educación de los pobres: del franquismo a la . Foro de educación, nº 10
- (). .
- Depaepe, M. (2006). Vieja y nueva historia de la educación. Barcelona, Octaedro
- Puelles Benítez, M. (2004). Estado y educación en la España liberal (1809-1857). Un sistema educativo nacional frustrado. Barcelona, Pomares
- Guereña, J-L., Ruiz Berrio, J., Tiana Ferrer, A. (Eds.) (2010). Nuevas miradas historiográficas sobre la educación en la España de los siglos XIX y XX. Madrid, ME-IFIIE
- Ossensbach Sauter, G., Puelles benítez, M. (Eds.) (1991). La Revolución Francesa y su influencia en la educación en España. Madrid, UNED
- Puelles Benítez, Manuel (1988). Textos sobre la educación en España (siglo XIX). Madrid, UNED
- Viñao Frago, A. (1982). Política y educación en los orígenes de la España Contemporánea. Madrid, Siglo XXI
- Montesino, P. (2006). "Educación pública", en Pablo Montesino, Liberalismo y educación del pueblo, pp. 119-125. . Madrid, Biblioteca Nueva,
- José Luis Cuerda (película) (1999). A lingua das bolboretas .
- Gonzalo Tapia (2006). Las Misiones Pedagógicas.
- Victoria Martínez e Arturo Villacorta (2004). La República de los maestros .
- Basilio Martín Patino (1971). Canciones para después de una guerra.



- José María Gutiérrez Santos (1978). Arriba Hazaña.
- Iñaki Pinedo e Daniel Álvarez (2006). La escuela fusilada.
- Xoán Carlos Garrido (2006). A derradeira lección do mestre.
- Javier Ortega (2008). La Sección Femenina.
- Teo Manuel Abad (2008). Flores Tristes.
- Víctor Coyote (2008). Afranio.
- Ken Loach (). Tierra y libertad.
- Memoria do 36. Morte, depuración e exilio do profesorado de Galicia provocados polo franquismo (). http://vello.vieiros.com/vieirosdaescola/index_13.html.
- El golpe de estado, la Guerra Civil y la represión franquista (). <http://www.youtube.com/watch?v=ZpTdR-OBeyo>.
- Lss ilusiones perdidas (). <http://www.youtube.com/watch?v=qXhxnqMHZU>.
- Franco, la verdadera historia (). <http://www.youtube.com/watch?v=MSP9NYQ1EIs>.
- Santos Juliá (2014). Nosotros, los abajo firmantes. Una historia de España a través de manifiestos y protestas. Barcelona, Galaxia Gutenberg
- Pérez Ledesma, M. (2007). De súbditos a ciudadanos. Una historia de la ciudadanía en España. Madrid, Centro de Estudios Políticos y Constitucionales
- Botti, A., Montero, F., Quiroga, A., (Eds.) (2013). Católicos y patriotas. Religión y nación en la Europa de entreguerras. Madrid, Sílex
- Viñao Frago, A. (2014). Religión en las aulas. Una materia controvertida. Madrid, Morata
- Escolano Benito, A. (Dir.) (1992). Leer y escribir en España. Doscientos años de alfabetización. Madrid; Salamanca, Fundación Germán Sánchez Ruipérez
- Narganes de Posada, M. J. (2013). Vicios de la instrucción pública y otros textos. Madrid, Biblioteca Nueva
- Julio de la Cueva, F. M. (2009). Laicismo y catolicismo. El conflicto político-religioso en la Segunda República. Alcalá de Henares, Universidad de Alcalá
- Malheiro Gutiérrez, X. M. (2012). ¿A emigración galega a América: sociabilidade, política cultura e educación?.. Revista Galega de Educación, nº 53
- Malheiro Gutiérrez, X. M. (2012). ¿El fenómeno de la emigración en Galicia: del obrero emigrante al ciudadano acogedor...¿lecciones aprendidas??. Migraciones, nº 31
- Gallego, F. (2014). El evangelio fascista. La formación de la cultura política del Franquismo (1930-1950). Barcelona, Crítica
- Malheiro Gutiérrez, X. M. (2013). ¿Do gobernar es poblar? ao educar es argentinizar?: emigrantes e educación na Arxentina finisecular?. sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación, nº 17
- Viñas, Á. (2015). La otra cara del caudillo. Mitos y realidades en la biografía de Franco. Barcelona, Crítica
- Villares, R. (2018). Identidade e afectos patrios . Vigo, Galaxia
- Malheiro Gutiérrez, X. M. (2017). “Las bibliotecas escolares en la primera década del franquismo: entre el amanecer y la luz cegada”.. História da Educação / History Education Journal, 53, 239-266
- Malheiro Gutiérrez, X. M. (2013). ¿A resposta das clases populares ás eivas educativas na Galiza de entreséculos?. Murguía. revista galega de Historia, 27-28, 107-129
- Costa Rico, A.; Malheiro Gutiérrez, X. M. (2016). ¿Historia da educación?. Miguel Anxo Santos Rego (ed.) (2016): A investigación educativa en Galicia. 2002-2014. Vigo, Galaxia
- De Gabriel, Narciso (2021). Vermellos e laicos. A represión fascista do maxisterio coruñés. Vigo, Editorial Galaxia
- Fernández Soria, J. M.; Sevilla Merino, D. (2021). “La Ley General de Educación de 1970, ¿Una Ley para la modernización de España?”.. Historia y Memoria de la educación, 14, pp. 23-68
- Malheiro Gutiérrez, Xosé Manuel (2021). “La modernización educativa en España en un escenario de cambio social y de apertura democrática. Conversaciones con Pedro Caselles Beltrán, Director General de Educación Básica (1976-1982)”.. Historia y Memoria de la educación, 14, pp. 695-745
- Mayordomo Pérez, A. (2021). “La Ley General de Educación y la Pedagogía. Reencuentro y señal”.. Historia y Memoria de la educación, 14, pp. 69-110
- Key, Ellen (2021). El siglo de los niños (Estudio introductorio por Juan Luis Rubio Mayoral y Carmen Sanchidrián. Serie Clasicos de la Educación. Madrid, Editorial Morata



- (). .
 - Varela, Julia (2021). Modos de educación en la España de la Contrarreforma. Dado Ediciones
 - Porto Ucha, A. S., Vázquez Ramil, R. (2021). Represión e depuración do Maxisterio na provincia de Pontevedra. Análise teórica e estudo por partidos xudiciais, concellos e parroquias (1936-1942). . Andavira editora
 - Alexandre, Marilar (2021). Pardo Bazán Emilia (2021). A educación do home e da muller e outros escritos feministas. RAG/Parlamento de Galicia
 - Alonso Montero, Xesús (2021). Alfredo de la Iglesia. O intelectual, o educador e o autor do primeiro manual de Literatura Galega para escolares de Instituto (1919). . RAG
 - Mateo, J. L., Ojea, R., Cuesta, Mª J. (2021). A Escola de Artes e Oficios. 130 anos da historia de Vigo. Parte I: 1886-1976. Concello de Vigo
 - Castillejo Cambra, Emilio (2021). Enseñar Historia al margen de los cuerpos. El cuerpo y sus metáforas en la historiografía escolar española desde el siglo XIX a la actualidad . UNED
 - Consuegra Cano, Begoña (2021). Los museos didácticos. Una institución emblemática del Regeneracionismo (siglos XIX-XX).. Iustel
 - VV.AA (2022). Mulleres imprescindibles na vangarda do século XX. Kalandraka
 - Bárcena, Fernando (2021). Maestros y discípulos. Anatomía de una influencia. Ápeiron
 - Méixome, Carlos (2021). O terror das Tebras e outras catas da memoria. Iaiovento
 - Uris Guisantes, J. A; Santidrián Arias, V. (2021). A porta do inferno. O campo de concentración de Camposancos na Guarda (Pontevedra). Fundación 10 de marzo
-



Complementary

- (). .
- Alumnos de la escuela de Barbiana (1982). Carta a una maestra. barcelona, Hogar del libro
- (). .
- De Gabriel, N. (2007). "O soño da escola pública" . Revista galega do ensino, N. 49, p. 50-56
- Pennac, D. (2009). Mal de escola. Vigo, Xerais
- Neill, A. S. (1979). Summerhill. Un punto de vista radical en la educación de los niños. México, F.C.E
- Montessori, M. (1994). Ideas generales sobre el método. Madrid, Cepe
- Montessori, M. (2003). El método de la pedasgogía científica aplicado a la educación de la infancia. Madrid, Biblioteca Nueva
- Pestalozzi, J. H. (2009). Como Gertrudis enseña a sus hijos: ensayo de cartas con directivas de madres que enseñan a sus hijos (1801). Barcelona, PPU
- Reimer, E. (1976). La escuela ha muerto. Barcelona, Barral
- Rousseau, J. J. (1984). Emilio o de la educación. México, Porrúa
- Ariés, P. (1987). ?De la familia medieval a la familia moderna?, en El niño y la vida familiar en el Antiguo Régimen. Madrid, Taurus
- Decroly, O. (2007). La función de globalización y la enseñanza y otros ensayos. Madrid, Biblioteca Nueva
- Sopena Monsalve, A. (1994). El florido pensil. Barcelona, Grijalbo
- Sánchez Arbós, M. (2007). Una escuela soñada. textos. Madrid, Biblioteca Nueva
- Makarenko, A. S. (1967). Poema Pedagógico. Barcelona, Planeta
- Illich, I. (1978). Un mundo sin escuelas. México, Nueva Imagen
- Aldecoa, J. (1991). Historia de una maestra. Madrid, Anagrama
- Baudelot, Ch., Establet, R. (1976). La escuela capitalista en Francia. Madrid, siglo XXI
- Bourdieu, P. Passeron, J. (2001). La reproducción: elementos para una teoría del sistema de enseñanza. Madrid, Popular
- Cela, J., Palou, J. (1994). Con voz de maestro. Madrid, Celeste
- De Mause, L. (1982). Historia de la infancia.
- Delgado, B. (1982). Historia de la infancia. Barcelona, Ariel
- Delval, J. (2000). Aprender en la vida y en la escuela. Madrid, Morata
- Illich, I. (1974). La sociedad desescolarizada. Barcelona, Seix Barral
- Freire, P. (1992). Padegogía del oprimido. Madrid, Siglo XXI
- Freinet, C. (1973). Parabolas para una pedagogía popular. Barcelona, Laia
- Delval, J. (2002). La escuela posible. Barcelona, Ariel
- De Gabriel, N. (2001, pp. 11-46.). ?La Revolución Francesa, Condorcet y la educación española?, en Condorcet, Cinco memorias sobre la instrucción pública y otros escritos. Madrid, Morata
- mancebo, M. F. (2008). La España de los exilios. Un mensaje para el siglo XXI. Valencia, Universitat de Valencia
- Pons Pons, J., Silvestre Rodríguez, J. (Eds.) (2010). Los orígenes del Estado del Bienestar en España, 1900-1945: los seguros de accidentes, vejez, desempleo y enfermedad. Zaragoza, Universidad de Zaragoza
- Hernández Laille, M. (2010). Darwinismo y manuales escolares en España e Inglaterra en el siglo XIX (1870-1902). Madrid, UNED
- Escolano Benito, A. (Ed.) (2007). La cultura material de la escuela. En el centenario de la Junta para la Ampliación de Estudios, 1907-2007. Berlanga de Duero, CEINCE
- Fernández Prieto, L./Nomes e Voces (Eds.) (2012). Memoria de guerra y cultura de paz en el siglo XX. De ESpaña a América, debates para una historiografía
- Cocho, F. (2011). Guerra Civil. Que pasou en Galicia e en España. Vigo, Xerais
- El cabezota (1982). Francisco Lara Polop .
- Martínez Rus, A. M. (2003). La política del libro durante la Segunda República. Socialización de la lectura. Xixón, Trea
- Chomsky, N. (1993). Sobre o poder e a ideoloxía. Santiago de Compostela, Edicións laiovento
- Nóvoa, A. (2015). Carta a un joven historiador de la educación. Historia y Memoria de la educación, nº 1
- (). .



- Méixome Quinteiro, Carlos (2021). Catas na memoria. A persecución franquista no Val Miñor. Compostela, Edicións Laiovento



Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Subjects that continue the syllabus

Other comments

- Non se admitirán traballos dos que o profesor non teña constancia da súa elaboración. - As datas de entrega dos traballos son propostas con antelación suficiente para a súa realización, polo que, logo de seren consensuadas no grupo-clase, e agás casos moi excepcionais coa debida xustificación, estas son inamovibles. - Para poder ser calificado/a e avaliado/a é necesario ter entregado todos os traballos asixidos. De faltar algunha das partes, ol alumno/a

figurará como NON PRESENTADO/A ao non poder ser avaliado na totalidade

das propostas de aprendizaxe.- Os traballos escritos presentaránse paxinados, grapados e ben identificados (nome do alumno/alumna, curso, grupo, materia e nome do profesor) e, de ser posible, impresos a dúas caras. Non é necesario entregalos encadernados, con fundas de plástico, aneis ou deseños similares. É aconsellable gardar unha copia dixital do orixinal que se entregue. - O calendario de titorías está exposto no lugar oficial da web da Facultade e na cortiza de anuncios da porta do despacho. (Despacho P0B16, Telf. 981167100 Ext. 4615)

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.